



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA-SUPLETORIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do trinta de decembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Alicia Martínez González, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Angel Moldes Martínez, M^a Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez así como as concelleiras D^a. Consuelo Besada Lores e M^a del Mar Villaverde Rosales. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria-supletoria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3885.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DE 26/11/2013.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria aos asistentes da acta correspondente á sesión ordinaria realizada o 26/11/2013, non suscitándose reclamación ou observación ningunha a mesma, esta queda aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.

3886.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3876.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3877.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NUM. 20/2013, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio e publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3878.-

CONTRATACIÓN, PROCESO REESTRUTURACIÓN SOCIETARIA AQUAGEST ADXUDICATARIA CONTRATO XESTIÓN SERVIZO PÚBLICO AUGAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse á empresa concesionaria do servizo e deuse traslado ao Servizo de Contratación; 3879.- CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse aos representantes dos traballadores e Subdelegación do Goberno e deuse traslado ao Servizo de Persoal para a súa tramitación ante a autoridade laboral de Pontevedra; 3880.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia, Presidente da FEGAMP e Voceiros do Parlamento de Galicia; 3881.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á APERTURA DA PONTE DA BARCA E EMENDA PRESENTADA POLO BNG.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e Concello de Pontevedra; 3882.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DO 25 DE NOVEMBRO DE 2013, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar, Presidencia do Parlamento de Galiza e ao Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade; 3883.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE SOBRE A OPOSICIÓN A CALQUERA POSIBLE PRÓRROGA Á PRESENZA DE ENCE-ELNOSA NA RÍA DE PONTEVEDRA MÁIS ALÁ DO ANO 2018.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia, Presidencia do Parlamento de Galicia e representantes Plataforma 2018; 3884.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO PRESTIGE E A PROL DA TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse ao Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno o Estado e aos Grupos Parlamentarios.”.

A corporación dáse por enterada

3887.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario, e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A corporación dáse por enterada.

3888.- RATIFICACIÓN DECRETO ALCALDÍA SOBRE PERSONACIÓN DO CONCELLO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO NUM. 308/2013 NO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 2 DE PONTEVEDRA.- Pola secretaria presente na sesión dáse conta da resolución de data 03 de decembro de 2013, ditada pola Alcaldía de comparecer no procedemento ordinario núm. 308/2013, aberto ante o Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 de Pontevedra encomendando a asistencia e defensa xurídica do Concello a D. Joaquín Echagüe Pérez Montero podendo actuar a través de calquera dos procuradores con poder xeral de pleitos outorgado no seu día.

Con data 16 de decembro de 2013 someteuse o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do Decreto al Alcaldía de data 3 de decembro de 2013 que textualmente di o seguinte: “ Con data 7 de

novembro, ten entrada no rexistro, núm. 6261, comunicación do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra polo que se dá traslado ao Concello de Poio do escrito de presentación de recurso contencioso administrativo pola Comunidade de Montes Veciñais en Man común de San Salvador de Poio, Poio (Pontevedra), contra o acordo núm. 3837 adoptado polo Pleno desta entidade en sesión extraordinaria urxente realizada o 23 de xullo de 2013, polo que se desestima o recurso de reposición interposto pola referida Comunidade contra o acordo plenario de 7 de maio de 2013, polo que se inadmite o escrito presentado pola representante da Comunidade de Montes por ter sido presentado fóra do momento procedimental previsto para tal finalidade no art. 44 LALGA e que tivo lugar o 21 de marzo de 2013, e se presta aprobación ao acordo da Comisión de deslinde do Concello de Poio de 19 de marzo de 2013, e por tanto, ao posteriormente reflectido na acta levantada pola mesma Comisión o 21 de marzo de 2013 de disconformidade coa Comisión de deslinde do Concello de Pontevedra, na fixazón dos límites dos termos municipais de Poio e Pontevedra.

Sendo necesario proceder á defensa dos dereitos e intereses do Concello e da actuación que para tal finalidade levou a cabo no deslinde do seu termo municipal co Concello de Pontevedra, non tendo lugar a vindeira sesión ordinaria plenaria ate o derradeiro martes deste mes de decembro, considerando imprescindible dar cumprimento ao sinalado no art. 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa coa maior brevidade posible, esta Alcaldía de conformidade có establecido no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

Primeiro.- Comparecer no procedemento ordinario núm. 308/2013, aberto ante o Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra encomendado a asistencia e defensa xurídica do Concello a D. Joaquín Echagüe Pérez-Montero, podendo actuar a través de calquera dos procuradores con poder xeral de pleitos outorgado no seu día.

Segundo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno para a súa ratificación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Terceiro.- Para os efectos previstos no art. 49 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa, proceder ao emprazamento de posibles interesados para que podan personarse como demandados ante o Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra no prazo de nove días a contar dende a práctica da notificación da presente Resolución que deberá practicarse nos cinco días seguintes ao seu ditado."

A Comisión por unanimidade acordou dictaminar favorablemente a ratificación o Decreto da Alcaldía de data 3 de decembro de 2013 e propor ao Pleno a súa ratificación."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Ratificar o decreto de data 03 de decembro de 2013 de personarse como demandados ante o Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 de Pontevedra no procedemento 308/2013.

3889.- SOLICITUDE DE REVISIÓN DE PREZOS DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RSU E LIMPEZA VIARIA CESPAS, SA ANO 2013.- Dáse conta do expediente tramitado a instancia de data 25 de novembro de 2013, núm. 6648 presentada por Cespa, empresa concesionaria do servizo público de recollida de RSU en todo o municipio e o seu transporte a un centro de tratamento, limpeza viaria e desratización, solicitando a aprobación do novo canon para o exercicio 2013.

Emitido informe polo Enxeñeiro Municipal con data 04 de decembro e Intervención Municipal con data 05 de decembro de 2013, sométese o expediente a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 16 de decembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente, do escrito de Cespa S.A., empresa concesionaria do **"SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS EN TODO O MUNICIPIO E O SEU TRANSPORTE A UN CENTRO DE TRATAMENTO, LIMPEZA VIARIA E DESRATIZACIÓN"** no Concello de Poio de data 21 de novembro de 2013 solicitando a revisión anual do canon para o ano 2013; do informe da oficina técnica municipal de data 4 de decembro de 2013, do informe da Intervención Municipal de data 5 de decembro de 2013 e da proposta da Alcaldía de data 5 de decembro de 2013 na que se propón a aprobación da remuneración para o exercicio 2013 a que ten dereito a empresa concesionaria CESPAS S.A. pola concesión do Servizo de Recollida R.S.U. E Limpeza Viaria polo importe de 624.051,04 (sen IVE) anuais.

Toma a palabra a interventora municipal indicando que o expediente iniciase co escrito de Cespa S.A. no que solicita a revisión do prezo para o exercicio 2013 segundo a fórmula establecida no apartado VI do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen o contrato.

Aplicando a fórmula e sendo o IPC correspondente ao período comprendido entre decembro de 2011 e decembro de 2012 de 2,90% e sendo a cantidade de 77 a variación de usuarios do servizo do ano 2011 a 2012, da como resultado unha remuneración para o ano 2013 de 624.051,04 euros (sen IVE), sendo o incremento (sen IVE), con respecto ao prezo do exercicio 2012, de 21.520,78 euros.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 5 en contra do PP e ningunha abstención aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a remuneración para o exercicio 2013 a que ten dereito a empresa Concesionaria CESPAS, SA pola concesión do servizo de recollida RSU e limpeza viaria polo importe de 624.051, 04 € (Sen IVE) anuais.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención así como á empresa solicitante con indicación de que de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo

pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

3890.- ADHESIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23/12/2013 POLO QUE SE INSTA Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO A DOTAR DE MAIOR CELERIDADE A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DOS TERREOS DA SECA E SE INSTA Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á INCLUSIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MIGUEL ANXO PAZOS BARROS NO "PROGRAMA PROVINCIAL DE CAMPOS DE HERBA SINTÉTICA".- Non tendo sido elevado á consideración de comisión informativa ningunha, de conformidade co establecido no art. 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente punto na orde do día o que queda aprobado polo voto favorable dos 14 membros presentes sendo 17 o seu número legal de membros.

A continuación pola secretaria procédese a dar lectura ao acordo número 11806 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada con data 23 de decembro de 2013: "11806.-PROPOSTA PARA INSTAR Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO A DOTAR DE MAIOR CELERIDADE A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DOS TERREOS DA SECA E INSTAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á INCLUSIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO COMPLEXO DEPORTIVO MIGUEL ANXO PAZOS BARROS NO "PROGRAMA PROVINCIAL DE CAMPOS DE HERBA SINTÉTICA".-Previa declaración de urxencia ao abeiro do establecido no art. 83 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número total de membros, dáse conta do escrito de data 13 de decembro de 2013 da Concelleira Delegada de Deportes polo que se solicita deste órgano

colexiado ao tratamento do presente asunto e no que se di o seguinte:

"[...] Que o Consello Municipal de Deportes do Concello de Poio, en sesión ordinaria realizada o día 11 de decembro de 2013 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Instar ao Ministerio correspondente, mediante unha proposta conxunta dos membros do Consello Municipal de Deportes, a unha maior celeridade na tramitación do expediente de desafectación dos terreos da Seca.

Segundo.-Continuar coa tramitación do expediente para instar á Deputación de Pontevedra á inclusión do campo de fútbol municipal do complexo Deportivo Miguel Anxo Pazos Barros no Programa provincial de campos de herba sintética".

O concelleiro delegado de medio ambiente presente na sesión manifesta aos asistentes que tras a consulta realizada polo seu grupo sobre o estado de tramitación do expediente de desafectación, comunícanlle que estaría pendente da emisión de informe polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos cinco membros presentes sendo seis o seu número legal de membros e en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) acordou:

Primeiro: Prestar aprobación á proposta da Concellería de Deportes e instar ao Ministerio correspondente, a unha maior celeridade na tramitación do expediente de desafectación dos terreos da Seca.

Segundo: Continuar coa tramitación do expediente para instar á Deputación de Pontevedra á inclusión do campo de fútbol municipal do complexo Deportivo Miguel Anxo Pazos Barros no Programa provincial de campos de herba sintética".

Inicia o debate a concelleira D^a Margarida Caldas como titular de área dando conta do acordo adoptado polo Consello Municipal de Deportes en función das necesidades deportivas do concello. Reitera os pronunciamentos da proposta aprobada pola Xunta de Goberno Local e solicita a adhesión ao mesmo polos distintos grupos municipais presentes no Pleno.

D. Ángel Moldes remítese ao xa manifestado no referido Consello Municipal de Deportes, xa que ao seu grupo non lle causa unha grande felicidade perder un campo de fútbol con herba natural por canto constitúe un feito diferencial aínda que recoñece que implica uns custes. Máis van a apoiar a proposta e por tanto a adhesión ao acordo adoptado.

D. Gregorio Agís sinala que pese a que non guste moito a herba sintética, hai que eliminar custes e polo tanto fixar un posicionamento.

Toma de novo a palabra a concelleira delegada de deportes e pon en coñecemento dos membros corporativos que na sesión do Concello Municipal de Deportes se deu conta de informe emitido polo enxeñeiro municipal no que se poñen de manifesto todos os custes xunto cos que

serían necesarios para que o campo voltase a ter herba natural. As actuais instalacións non dan resposta ás necesidades deportivas e ademais moitas das infraestruturas necesarias para dotar ao campo de herba sintética xa están feitas.

D. Xosé Luís Martínez destaca que mentras que o campo de fútbol de herba natural utilízase cada 15 días, o outro soporta catorce ou quince partidos nese mesmo período de tempo, polo que valora positivamente que se reparta o uso, medida que beneficiará igualmente a asistencia de pais e veciños.

Sometido a votación a Adhesión ao acordo da Xunta de Goberno Local número 11806 de data 23 de decembro de 2013 este queda aprobado polo voto favorable dos 14 membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á proposta da Concellería de Deportes e instar ao Ministerio correspondente, a unha maior celeridade na tramitación do expediente de desafectación dos terreos da Seca.

Segundo: Continuar coa tramitación do expediente para instar á Deputación de Pontevedra á inclusión do campo de fútbol municipal do complexo Deportivo Miguel Anxo Pazos Barros no Programa provincial de campos de herba sintética.

3891.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.- Dáse conta do expediente tramitado mediante moción presentada polo Grupo Municipal Popular con data 19 de novembro de 2013 solicitando a modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Con data 20 de novembro de 2013 incorporouse ao expediente informe emitido pola Intervención Municipal.

Con data 16 de decembro de 2013 someteuse o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda Gobernación e Contas emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de data 15 de novembro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 19 de novembro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: " Modificación de la Ordenanza Fiscal Reguladora del Impuesto sobre el Incremento de Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana en los siguientes términos: a) En cuanto al tipo de gravamen aplicable a la base del impuesto, fijar un tipo único de gravamen del 15 por ciento. b) Rebaja de un grupo del porcentaje anual aplicable a loa períodos de generación del incremento de valor. c) La aplicación de una bonificación del 95 por ciento de la cuota íntegra del impuesto, en las transmisiones de terrenos, y en la transmisión o constitución de derechos reales de goce limitativos de dominio, realizadas a título por causa de muerte a favor de los descendientes y adoptados, los cónyuges y los ascendientes y adoptantes cuando se trate de la vivienda habitual del causante. d) La aplicación de una bonificación del 50 por ciento de la cuota íntegra del

impuesto, en las transmisiones de terrenos, y en la transmisión o constitución de derechos reales de goce limitativos de dominio, realizadas a título lucrativo por causa de muerte a favor de los descendientes y adoptados, los cónyuges y los ascendientes y adoptantes, cuando se trate de los demás bienes del causante. e) Ambas bonificaciones deberán ser aplicadas a la cuota íntegra del impuesto, en las transmisiones de terrenos, y en la transmisión o constitución de derechos reales de goce limitativos de domicilio, realizadas a título lucrativo mediante pactos sucesorios de mejora y de apartación.”.

Así mesmo dáse conta do informe da Intervención Municipal de data 20 de novembro de 2013.

A Sra. Nieto García explica o contido da moción indicando que nos últimos anos os valores catastrais incrementáronse tendo cotas excesivas en dito Imposto polo que pedimos fixar un tipo de gravame do 15%, a bonificación do 95% no caso de morte a favor dos descendentes e adoptados, cónxuxes e os ascendentes e adoptados cando se trate da vivenda habitual do causante e do 50% no resto das transmisións.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que é curioso que pensedes que os valores catastrais son moi altos cando é o propio catastro o que ten pensado facer en Poio, no ano 2015, unha revisión catastral xa que, o parecer, temos uns valores catastrais baixos.

En calquera caso parece casualidade que en todos os concellos onde goberna o PP soben os impostos e no de Poio o PP pide que se baixen.

Molesteime en facer un cálculo sobre os valores catastrais e nós estamos por debaixo da media e hai concellos que cobran case o triple do que cobramos nós.

Por todo isto estamos en contra da moción.

A Sra. Nieto García dille que a moción o que pretende é que se fagan as bonificacións contempladas na Lei e que hai concellos como o de Sanxenxo que xa as contempla e os cidadáns de Poio teñen o mesmo dereito que os de Sanxenxo, entendemos que deben de ser contempladas na Ordenanza.

A Comisión por 3 votos a favor do PP, ningunha abstención e 4 votos en contra do BNG, acordou dictaminar en contra dita moción e propor ao Pleno a súa denegación. ”.

Abre o debate a concelleira D^a Celeste Nieto xustificando a solicitude nos termos da moción presentada xa que se trata dunha medida contemplada na Lei reguladora das facendas locais pero que non prevé a nosa ordenanza fiscal. Ínstase a recoller unha bonificación do 95 por cento da cota tributaria para o caso da vivenda habitual do causante e do 50 por cento para os restantes casos. Xa que co actual tipo de gravame do 23 e 15 %, a cota tributaria é moi alta.

O concelleiro Xulio Barreiro indica que para o cálculo do imposto tómase como referencia ás valoracións catastrais. No ano 2003 aprobouse unha ponencia. Todo o boom inmobiliario foi posterior, disparándose os valores mais a ponencia mantívose igual. Cita unha das reformas operadas na referida lei reguladora das facendas locais para precisamente introducir unha redución para evitar subidas, aplicándose en todos os concellos. Segundo os datos publicados no exercicio 2012, dito valor medio no Concello de Poio era de aproximadamente 9.000,00 euros e de 10.065,00 euros nas restantes entidades.

Descoñece que concello están a aplicar dada a novidade da medida legislativa e a tramitación aplicable á modificación das ordenanzas fiscais, e así tras consulta realizada ao ORAL, por agora non se sabe de concello ningún que xa a estea a aplicar.

Ademais tendo en conta a complexidade do cálculo, hai que verificar o seu alcance que é grande. Resulta paradóxico que se propoña unha rebaixa do 56% cando a Administración Xeral do Estado e a Xunta incrementaron todos os impostos directos, indirectos e taxas a excepción do imposto sobre sociedades (IVE, IRPF, impostos especiais etc). Pon a continuación outros exemplos como a transmisión de vehículos (100%), actos xurídicos documentados (100%), SOGAMA (34%) ou o canon da auga (125%).

Non fai tantos anos reformouse a regulación do imposto sobre actividades económicas de forma que non tributasen aqueles que facturen por debaixo do millón de euros e sen compensación, e se pregunta por que ten que sacrificarse o Concello de Poio con este tipo de propostas non valoradas.

Se se toman valores medios en Pontevedra, cifrariáse nun 1058,00 euros, 2000,00 euros (compra) e 2013,00 euros (transmisión). En Poio o valor medio está en 674,00 euros e en Baiona en máis de 3.000,00 euros. Hai dous anos que prometeron baixar os impostos e agora salvo o imposto sobre sociedades súbenos todos. Non é o momento para baixar impostos e se o Goberno central quere baixar imposto que o faga cos seus.

Toma a palabra D. Gregorio Agís e sinala que está todo dito, mais resalta que a proposta non discrimina en función da capacidade económica dos contribuíntes, estando tan so plantexado dun modo demagóxico. Xa hai bastantes reducións nas aportacións doutras administracións públicas, e resalta que están a baixar o que eles mesmo subiron. A moción implica un esforzo moi grande para o concello deixándoo nunha posición delicada.

D^a Celeste Nieto inicia unha segunda rolda de intervencións para manifestar que o Concello de Poio non é exemplo de nada, sempre con subidas. O Sr. Barreiro non menciona as bonificacións legais que se está a aplicar en determinados impostos. Se a lei o prevé, eles queren que se lles aplique aos veciños de Poio. Hai que centrarse nos tributos locais.

D. Xulio Barreiro recoméndalle que se lea o artigo 25 e seguintes da Lei de reforma e racionalización da Administración Local que contempla que aqueles concellos que non presten os seus servizos en determinados termos de eficiencia, vai a supoñer un problema para os concellos que o grupo municipal do PP poñen como exemplo. Terán que ser asumidos pola Deputación que os vaia a cobrar a prezo de custe real. Algo que Poio xa está a facer por canto as taxas xa recollen o prezo de custe. O que acontece é que o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana está mal regulado. A reforma é un "engana bobos". Non son capaces de dar o seu apoio á subida e veñen con esta proposta sen estudar. É unha insensated e so lles interesa para sacar unha nota de prensa.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación ordinaria a moción ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 16 de decembro de 2013 non aprobándose a mesma por 5 votos a favor do PP, 9 votos en contra (8 BNG e 1 PSOE) e ningunha abstención.

3892.- MOCIÓN PARA INSTAR AO CONCELLO DE POIO A REALIZAR TODOS OS TRÁMITES PARA A CONSTRUCCIÓN DAS BEIRARRÚAS EN CAMPELO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción subscrita polo voceiro do Grupo Municipal Popular presentada no Rexistro Xeral do Concello o día 11 de decembro de 2013, número 6938, e de que con data 27 de decembro de 2013 ten entrada no Rexistro Xeral emenda subscrita polo equipo de goberno, composto polos grupos municipais do BNG e PSOE.

Inicia o debate D. Ángel Moldes e sinala que os dous primeiros puntos da emenda están recollidos ao igual na proposta do seu grupo e insta a que se retire o terceiro punto xa que o vial do Muiño non ten nada que ver co obxecto da moción, e como tamén é necesario que se propoña noutra moción ou rogo. Tan so é un quedar ben.

Debe existir vontade para que se fagan as beirarrúas. Unha vez que se reciba o convenio xa que se presentarán as alegacións que sexan necesarias. Este tema ven de lonxe. Que a Deputación asuma o 70% do custe das obras e o concello o 30 % restante, e se non teñen adecuado reflexo no convenio pois se alegará. É prioritario facelo canto antes xa que é unha demanda histórica.

O Alcalde explica o contido da emenda e xustifica por que se inclúe o vial do Muiño que é un dos tres dos que posúe no concello a Deputación. O Presidente de Deputación sabe que non lle podemos resolver todos os seus problemas. Teñen os seus viais nun estado lamentable. O Concello debe limitarse á conservación e mantemento dos seus, e por iso inclúese na emenda o vial do Muiño. Levan anos sen bachear e nin tan sequera desbrozar asumindo as súas labores o Concello.

En relación ao convenio, non se coñece nada por escrito sobre o 30%, tan so un proxecto que presentou o propio concello fai dous anos en Deputación pendente de que se lles diga canto debe asumir o concello, requirindo que se poñan todos terreos de cesión a disposición de Deputación con carácter previo á sinatura do Convenio. Parece máis ben unha traba para que non se leve a cabo.

Toma de novo a palabra D. Ángel Moldes para destacar que a necesidade de previa cesión ponse en todos os convenios xa que en Lourido produciuse unha paralización das obras precisamente por culpa de non ter feito previamente as cesión. Ao que engade D^a Celeste Nieto que con tal paralización, as obras encarácese.

O Alcalde resposta que as cesións son unha trampa xa que se existen negativas á colaboración, o responsable da expropiación é a Deputación. Hai que ter en conta que pese a que a Deputación asuma o 70 % do prezo das obras, o concello xa custeou o proxecto e ten que por os terreos as disposición e financiar o 30 por cento restante. Polo que non

se vai a retirar da emenda o vial de Muiño.

D. Ángel Moldes reitera que se están a misturar dous proxectos distintos.

O Alcalde insiste en que as dúas obras son importantes para Poio.

O alcalde concede o uso da palabra a un dos veciños asistentes á sesión e sinala que está desconcertado co que escoita por que existen problemas en todos os viais do concello por que non hai cartos, pero as beirarrias de Campelo son unha reivindicación dende hai xa máis de 70 anos. En 20 anos tan so se bacheou e se limparon silvas.

O Alcalde resposta que é unha estrada de titularidade provincial e que o concello xa lles entregou o proxecto que foi custoso e asume parte da financiación e di que o alcantarillado que levaron os últimos gobernos municipais case acadan o 80%.

Outro dos veciños de entre o público toma a palabra para indicar que en Raxó a diferenza de Campelo non pagaron alcantarillado ningún. A expropiación é unha escusa para non facer nada.

O outro veciño que xa tomou con anterioridade a palabra engade que en relación á colaboración requirida dende o concello fíxose unha convocatoria e non apareceu.

O Alcalde lle resposta que non se lle avisou. De novo alude a que en Lourido a Deputación permitiu que as obras comenzaran sen realizar o total das cesións e que se se organiza unha reunión el acudirá. Dálle a impresión de que por parte de Deputación hai unha intención de non facer.

D. Xulio Barreiro manifesta que se hai que conseguir todas as cesións antes do convenio, non se chega a asinar e haberá que expropiar.

A continuación iniciase un debate non que interveñen distintos membros corporativos.

Nunha última intervención, D. Ángel Moldes reitera que primeiro ten que solicitarse a sinatura do convenio e ante o seu contido xa se realizarán as alegacións oportunas. Esa é a forma de actuar en todos os concellos. Pero claro, falar é gratis. O convenio que teñan que o manden, mais o goberno municipal pon xa os problemas antes.

Rematada a deliberación, o Alcalde en uso das facultades que así lle asigna a normativa municipal ordena a forma na que se vai a proceder coa votación: primeiro votárase a emenda, e despois a moción.

Votación da emenda presentada con data 27/12/2013:

Votos a favor: 9 (8 BNG e 1 PSOE).

Votos en contra: 6 (PP)

Abstencións: Ningunha.

Votación da moción presentada con data 11/12/2013:

Votos a favor: 6 do PP

Votos en contra: 9 (8 BNG e 1 PSOE).

Abstencións: Ningunha

De conformidade co resultado da votación realizada o Pleno da corporación por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención acordou aprobar a emenda conxunta presentada polos Grupos municipais do BNG e PSOE, adoptándose o seguinte acordo:

1º) Instar a Deputación Provincial de Pontevedra a que confirme que porcentaxe da obra deberá asumir o Concello de Poio, prevendo a aportación municipal en dúas anualidades, así como o resto da cláusulas do convenio.

2º) Adquirir o compromiso de pór a disposición da Deputación Provincial os terreos necesarios para executar as obras, considerando que este compromiso non é posible antes de asinar o convenio.

3º) Solicitar da Deputación Provincial, dado o mal estado da capa de rodadura, a pavimentación da estrada do Muíño.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntase a seguinte moción para o seu debate:

3893.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, sométese por razón de urxencia o debate do seguinte punto o que queda aprobado por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Inicia o exame da moción a voceira do grupo municipal do BNG xustificando o seu obxectivo: que se paralice a reforma e se manteña a normativa anterior que supoñía un maior vantaxe na saúde sexual e reprodutiva das mulleres.

Parécelle unha medida machista e retrógrada, puramente ideolóxica, impondo unha moral cristiá, cercenando o dereito a decidir. Polo que desprende do anteproxecto é que se elimina o suposto para malformación.

A continuación da lectura aos pronunciamentos do acordo que se propón adoptar:

"- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

- Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

- O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei."

Procédese de seguido a abrir o debate o Sr. Alcalde.

Toma a palabra D. Gregorio Agís quen manifesta que a medida lexislativa parécelle máis do mesmo. Perda de dereitos, retroceso, e aforro de custes. Se trata de novo dunha lei ideolóxica, caraca e doutra época, xa que os promotores da reforma non teñen problemas ideolóxicos. Constitúe unha manifestación de dirixismo moral e relixioso. Pásase dunha lei feita por profesionais sanitarios a unha lei feita dende o púlpito, converténdonos na vergoña de Europa.

D^a Celeste Nieto manifesta a súa conformidade con que se reforme a lei. Mais como se trata tan so dun borrador vanse a abster, mais insiste en que están de acordo con que se modifique a norma actual.

D. Xulio Barreiro indica que se trata dunha contra-prestación por ter contado co apoio da igrexa nas eleccións.

D^a Lidia Salgueiro quere deixar constancia de que a existencia dese mero borrador foi utilizado por un profesional médico para non practicar un aborto por razóns de obxección de conciencia cando se sabía que o feto estaba morto.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado (e ao Ministro de Xustiza) a manter e aplicar a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha as medidas necesarias para garantir que en todas as áreas sanitarias, os hospitais públicos galegos atendan a demanda existente de realización de interrupcións voluntarias de embarazo cos seus medios propios, coa finalidade de garantir a igualdade no acceso a esta prestación.

- Instar á Xunta de Galiza a garantir que a información que reciben as mulleres con carácter previo ao consentimento da interrupción

voluntaria do embarazo sexa obxectiva. Para este fin, eliminaranse as referencias á *Red Madre* na información que facilite a Xunta de Galiza.

- Instar á Xunta de Galiza a pór en marcha unha campaña de formación e información sobre métodos anticonceptivos, fundamental para evitar embarazos non desexados e prácticas sexuais de risco.

- O Concello porá en marcha, a través da área de Igualdade, unha campaña institucional de información e divulgación sobre a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, en que se informe ás mulleres dos recursos cos que contan para interromperen voluntariamente o embarazo e en que se transmitan mensaxes contra a modificación desta lei.

ROGOS.- Toma a palabra D^a Celeste Nieto para formular o rogo seguinte: solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o acondicionamento da estrada de Muiño.

PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.